

VI. ANUNCIOS**C) OUTROS ANUNCIOS****SOCIEDADE DE VIVENDA PÚBLICA DE GALICIA, S.A.**

ANUNCIO polo que se fai pública a convocatoria para a cobertura temporal por proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, para o posto de coordinador técnico.

O Consello de Administración da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A. acordou, na súa reunión do 8 de setembro de 2025, aprobar a oferta de emprego temporal, para cubrir unha praza actualmente vacante por excedencia do seu titular con reserva de posto, e aprobar as bases da convocatoria do proceso selectivo e a convocatoria da praza de coordinador técnico. Persoal de alta dirección nivel 2.

En virtude do exposto,

Primeiro. Anúnciase a convocatoria para a cobertura temporal do posto de coordinador técnico da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A. mediante proceso selectivo que se rexerá polas bases, que serán publicadas na páxina web: www.vivendapublica.gal

O prazo para a presentación de solicitudes rematará transcorridos 20 días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

As solicitudes de participación presentaranse no Rexistro de Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A. (local 25-Z, 1º andar, Área Central, polígono das Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela), ou nas oficinas de Correos. Neste caso, deberase notificar o envío da documentación mediante correo electrónico ao enderezo: vipugal@vivendapublica.gal, no mesmo día da presentación. Para estes efectos, a hora de peche do Rexistro será ás 14.00 horas. Se coincide en sábado, domingo ou festivo, prorrogarase ata o día hábil seguinte.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2025

María Doporto Santos
Xerente da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A.

CVE-DOG: joqjnp2-8z95-smb8-6wq4-qz3z89at7nq0

